



E TI, SÓ TI

El Diluvi & Sés

Serás aquela que quixeches ser
serás a indómita muller
serás no ar un puño a arder
e ti, só ti
a Terra ti farás tremer.

Emancipada xa de calquera dor
vas sorrindo como aquela que non ten temor
sabes ben que mañá
sabes ben que mañá será mellor.
Serás aquela que quixeches ser...

Xa liberada en calquera lugar
non deixará que ningún te free máis
serás a luz que guiará
serás a luz que a liberdade guiará.

Serás aquela que quixeches ser...

Es a dura tormenta de abril
para os teus inimigos un edén hostil
es a dura tormenta de abril
o sol que rebenta a flor
para os inimigos un edén hostil
o lume na noite febril .

Serás aquela que quixeches ser
serás a indómita muller
serás no ar un puño a arder
e ti, só ti
a Terra ti farás tremer.



O Día Internacional da Muller do 8 de marzo foi declarado polas Nacións Unidas en 1975. Dous anos máis tarde converteuse no Día Internacional da Muller e a Paz Internacional. En España celebrouse por primeira vez en 1936. Por que se elixiu ese día?

A explicación máis verosímil remóntase a mediados do século XIX, en plena revolución industrial. O 8 de marzo de 1857, miles de traballadoras téxtiles decidiron saír ás rúas de Nova York co lema 'Pan e rosas' para protestar polas míseras condicións laborais e reivindicar un recorte do horario e o fin do traballo infantil.

Canción provinte dun poema de María Mercé Marça (1952 – 1998)